



## CIRCULAR INFORMATIVA 5/2026

### RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 25.03.2026

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 25.03.2026, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Tramitáronse e aprobáronse: 1 baixa de exercente, 3 baixas de non exercentes e un cambio de exercente a non exercente.
2. **Informes de honorarios.** Tramitáronse e aprobáronse 81 informes de honorarios para taxacións de custas: 72 de materia bancaria (nulidade de condicións xerais da contratación) e os 9 restantes sobre outras materias. Nestes tres primeiros meses de 2026 realizáronse 408 informes e agora mesmo estanse a tramitar as taxacións de custas solicitadas a mediados de febreiro polos órganos xudiciais.
3. **Dilixencias de información previa.** Unha vez examinadas as correspondentes propostas de resolución, acordouse o arquivo de dous expedientes de dilixencias de información previa (núms. 44/2025 e 45/2025).
4. **Escritos de queixa e recursos de alzada.** Estudáronse varios escritos de queixa e acordouse a apertura das correspondentes dilixencias de información previa. Tamén se acordou remitir ao Consello da Avogacía Galega un recurso de alzada presentado contra o acordo de arquivo das DIP 29/2025.
6. **Festividade de San Raimundo 2026.** Acordouse fixar a data da celebración de San Raimundo o vindeiro 24 de abril. O programa completo dos actos comunicárase proximamente nunha circular.
7. **Queixa en relación cos atrasos no Xulgado de Negreira.** Acordouse preparar un escrito de queixa dirixido ao CXPX e ao TSXG para dar conta dos atrasos acumulados na tramitación dos procedementos xudiciais no partido xudicial de Negreira. A este respecto, pídesse a todos os colexiados/a afectados/as que lle comuniquen ao colexio por escrito aquelas dilacións que consideren máis relevantes co fin de elaborar un pequeno informe estatístico que sirva de base para a queixa.
8. **Formación presencial do curso de competencias dixitais UPRO.** En relación co programa de formación en competencias dixitais organizado polo CGAE e unha vez realizada a formación en liña, acordouse aprobar o calendario e os honorarios para impartir a formación presencial (5 módulos), que se desenvolverá na sede do ICA Santiago entre os meses de abril e xuño. O programa coas datas, horarios e os relatores/as remitírase proximamente por circular.